

## OBXECTIVO DA DELEGACIÓN DIOCESANA DE MISIÓN para o curso 2005-2006:

Impulsar o compromiso misionero de tódolos cristiáns, como resposta ó momento presente, axudando a crear nas parroquias grupos misioneros, e facilitando medios de formación a nenos e mozos a fin de que tódolos cristiáns, especialmente os sacerdotes, sexamos testemuñas do Resucitado. Igualmente coidaremos o manter lazos de comunión cos nosos Misioneros Diocesanos implicándose nas súas tarefas.

Para lograr este obxectivo servíremonos das Campañas tradicionais así como dunha serie de accións que se poden atopar na programación Diocesana.



A misión é cousa de todos e non acabamos de crénolo, porque cando falamos de misioneros ou misioneiras seguimos a pensar en “especialistas” da causa, como se fose cousa duns idealistas ou soñadores. Desde hai anos vénsenos recordando machaconamente que é esta unha dimensión fundamental do ser cristián. Polo tanto ou somos misioneros ou o noso cristianismo está eivado nun aspecto fundamental. **¡Precisamos comprometer nos máis!** Ben é certo que uns terán que facelo AQUÍ, onde hai un inmenso campo misional, e outros terán que SAÍR a onde máis o precisen.

Se tiveramos que sinalar a vitalidade dunha igrexa polo seu compromiso misionero, teríamos que dicir que a nosa Igrexa de Ourense foi excepcionalmente viva, que fixo xurdir unha gran cantidade de vocacións misionera, soubo animalas e acompañalas. O noso pasado é glorioso.

O noso presente... é bo, moi bo, pero está en claro descenso. Non pode ser doutra maneira, se non hai vocacións relixiosas para a nosa Igrexa, mal pode haber para compartirlas...

O noso futuro... é preocupante. ¿Esperanzas? Hainas. Aí está o inmenso campo dos **leigos**. Temos urxencia de abrir canles, tamén nas misións, á súa particular colaboración. É este un campo case inexplorado, salvo honrosísimas excepcións ben coñecidas. Os leigos teñen aquí un campo propio para desenvolver a súa acción.

### ¿COMO IR FACENDO CAMIÑO?


Pensamos que un medio importantísimo é a creación de **Grupos ou Equipos Misioneros**, especialmente nas parroquias.

A creación dun Grupo Misionero conta de entrada cunha favorable acollida. Son poucas as persoas que non miren con fonda simpatía a tarefa misionera. Xuntalos, falar da Misión e das Misións, escribirse con algún misionero nativo desa parroquia ou da zona, implicarse nalgún proxectiño que el teña entre mans ¿non é unha tarefa ben bonita? Alimentar a chispa nacente dese compromiso... é camiño de futuro. Eles servirán de recordo permanente á comunidade parroquial dunha tarefa imprescindible e será semilleiro de compromisos polo menos puntuais, e quen sabe se poden chegar a máis.

Para este labor contamos hoxe con **materiais** moi axeitados. (Nestes días chegarán ás nosas mans os pertencentes ó curso 2005-2006)

1. Carpetas de formación de Animadores.
2. Itinerario Misionero para Xóvenes.
3. Itinerario Misionero para Nenos.

Todos estes materiais pódolos encontrar na **Delegación de Misións** ou descargalos ti mesmo da páxina de OMP. O seu lugar na rede é <http://www.omp.es/Secciones/Formacion>. Contade tamén coa nosa axuda.



## XXVII ENCONTRO COS NOSOS MISIONEIROS

Foi unha xornada, a do trinta de Xullo, sumamente rica porque asistiron moitos. E habíaos de moitas procedencias: Venezuela, Ecuador, Puerto Rico, Perú, Brasil, Bolivia, México, Colombia, Estados Unidos, e algúns máis, recentemente regresados de África. E xunto cos misioneiros, non faltaron leigos que teñen feito algunha experiencia misioneira. Tamén asistiron outras persoas fundamentalmente comprometidas coa Misión, moitos deles, compoñentes de Grupos Misioneiros Parroquiais. Xuntos vivimos unha xornada artellada en torno á oración e ó compartir. En ambos aspectos tiveron un papel fundamental as monxas de Vilar Dastrés:

### I. Oración

Como pórtico e final. Ó comezo, na capela do Bispado. Ó final, coas clarisas no rezo de Vésperas.

Tódoos misioneiros valoran especialmente este momento. Sirva o comentario dun deles: *“Un día me encontraba en una avioneta cuando falló un motor. La señora que iba a mi lado lloraba. Yo estaba muy tranquilo. Le dije: «Señora ¿por qué se asusta si vamos directo al cielo? Hemos tenido suerte porque ya estamos a medio camino entre la tierra y el cielo...» Al final el motor prendió... Haces muchas cosas que te superan. Vives en situaciones de dificultad. ¿Por qué no sucumbes en ellas? Sólo es explicable por la fuerza de la oración de otros. La labor de los contemplativos es fundamental para los misioneros”*. Non en van os patróns das misións son un misioneiro activo (Francisco de Xavier) e unha contemplativa (Santa Tareixa do Neno Xesús)

Pero máis alá dos convencementos persoais non hai dúbida de que as Clarisas déronlle a todo o día un clima marcado pola súa opción. Especialmente fermoso foi o unirmos a elas no canto de vésperas que nos encheu de paz e acercounos un chisquiño máis a Deus.

### II. Compartir

Todo o día foi un compartir desde o noso ser máis fondo de cristiáns.

- *Compartimos vivencias, alegrías e esperanzas.*

Para eso tivemos fundamentalmente a mañá. Sempre se fai corto este momento de ir narrando a acción do Señor na vida dos misioneiros, as súas loitas, as súas esperanzas...

- *Compartimos alegría e mesa.*

Moito temos que agradecerlle ó bo facer das clarisas. Esmeráronse como só elas saben facelo, abrumándonos cun suculento xantar e un momento de lecer no que se fixo patente o bo humor especialmente das monxiñas máis novas. Neste momento fíxose presente o Sr. Bispo, Don Luís Quinteiro, que non puido estar connosco o día enteiro, pero que si quixo facerse presente. Tamén tivo un papel importante Willy, o eterno mozo que, coa súa guitarra, enche de ledicia os nosos encontros.

- *Compartimos unha mesma historia.*

Tivemos a inmensa sorte de que Don Miguel Ángel, alma do proxecto, nos guiase na visita á exposición



catedralicia “Camiño de paz. Mane nobiscum Domine”. Alí poidemos descubrir o inmenso caudal de arte e fe que nos legaron os devanceiros.

E así fomos rematando un día marcado pola alegría de compartir.